



Curso "Abordaxe do dó en emerxencias"

DOCENTE

M^a Leonor Galiana Caballero (G-2820).

ORGANIZA

Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE).

COORDINA

M^a Leonor Galiana Caballero (G-2820).

DURACIÓN

4 horas.

DATA E HORARIO

Sábado, 28 de maio de 2022.
De 09:30 a 13:30 horas.

MODALIDADE

En liña. Plataforma Moodle e Zoom.

PRAZAS

100 prazas ás que terán preferencia as/os integrantes do GIPCE-COPG que non realizaron este curso e as/os demais psicólogas/os colexiadas/os.

PREZOS

Psicólogos/as colexiados/as.....15€
Membros do GIPCE-COPG e persoas desempregadas.....10€
Estudantes de 4º ano do grao de Psicoloxía, máster ou doutoramento.....10€



Curso "Abordaxe do dó en emerxencias"

PROGRAMA

1. O proceso de dó:
 - Concepto de dó.
 - Tipos de dó.
 - Reaccións máis comúns nas persoas afectadas.
 - Modelos explicativos do proceso de dó: de fases e de tarefas.
2. Abordaxe do dó en emerxencias.
 - Obxectivos dunha intervención psicolóxica en dó.
 - Moduladores do dó: Factores de risco e de protección.
 - A intervención en dó en circunstancias especiais: suicidio, desaparicións, mortes violentas, mortes múltiples, morte dun fillo.
 - Consideracións xerais para unha intervención en dó: que facer e que non facer.
3. Exposición e análise de casos prácticos do GIPCE.

OBXECTIVOS

- Coñecer as particularidades do proceso de dó nunha situación crítica.
- Adquirir as habilidades básicas para intervir nas primeiras fases do dó.
- Coñecer de primeira man as bases da intervención psicolóxica en dó en emerxencias atendidas polo GIPCE.

DOCENTE

M^a LEONOR GALIANA CABALLERO (G-2820).

Psicóloga escolar e infantil acreditada como experta en Psicoloxía de Emerxencias e Catástrofes.
Membro do GIPCE-112 e do Grupo de Gardas e presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG. Psicóloga no servizo de Dependencia na Consellería de Política Social en Lugo e Educadora e psicóloga en centros de menores.
Máster en Residencias e Atención á Terceira Idade.



Curso "Abordaxe do dó en emerxencias"

INSCRICIÓN

A través do correo electrónico do COPG (copgalicia@copgalicia.gal) remitindo o boletín de inscrición xunto coa copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia na conta corrente IBAN Nº ES64 2080 0316 2330 4000 8164 de ABANCA ou a través da Sede Electrónica do COPG. Respectarase rigorosamente a orde de entrada das inscricións realizadas.

O curso terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia as psicólogas e psicólogos integrantes do GIPCE-COPG que non realizaron este curso con anterioridade, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicárase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar o curso entregárase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% da sesión.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de demandante de emprego, axuntárase informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego, asinado pola persoa responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a tarxeta de demandante de emprego. Os e as estudantes do derradeiro ano de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. As psicólogas e psicólogos non colexiados deberán presentar o título de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Último día de inscrición: 23 maio de 2022.